

CONCRECIÓN CURRICULAR

A concreción curricular é o marco que establece o claustro de profesorado cos criterios e decisións para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinar por parte dos órganos de coordinación didáctica para garantir a coherencia na actuación docente.

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

O CEIP Joaquín Rodríguez Otero escolariza alumnado das etapas de Educación Infantil e Primaria. Ambas etapas contribuirán a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan acadar os obxectivos xerais recollidos no Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e no Decreto /2022 , do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Educación Infantil contribuirá a acadar as capacidades que lle permita o alumnado :

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.

- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

A Educación Primaria contribuirá a acadar as capacidades que lle permita o alumnado :

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non discriminación de persoas por motivos de etnia , orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

b) A contribución á adquisición das competencias

As competencias básicas para ambas etapas impartidas no CEIP son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

c) Os criterios para incorporar elementos transversais

Seguindo as indicacións dos Decreto de currículo de Infantil e Primaria , trataranse en todas as áreas os seguintes contidos de carácter transversal :

- Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.
- Desde todas as áreas promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz ,a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.
- Evitaranse os comportamentos , estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo , empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.
- Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa , a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita , a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento do espírito científico.
- Fomentar actividades que permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

A metodoloxía empregada no centro pon especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das

dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestaremos atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A intervención educativa terá en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

Os mecanismos de reforzo, poñeranse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaremos **actividades de aprendizaxe integradas** que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Impartirase de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas inclúen acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de

avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

Igualmente é un obxectivo fundamental da metodoloxía o fomento da **autonomía e responsabilidade individual**. Fomento do eido competencial en aprender a aprender e iniciativa persoal. Resulta esencial o desenvolvemento de actuacións tendentes a adquisición de hábitos individuais de traballo e estudio.

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o gusto da lectura, diariamente os alumnos/as dedicarán un tempo á "lectura" non inferior a trinta minutos.

Centrándonos na etapa do 2º ciclo de educación infantil , a metodoloxía axectarase ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnas e alumnos aos que van dirixidos prestando especial atención a :

- A construción de sólidos vínculos afectivos entre o profesorado e o alumnado do grupo, de xeito que este último sinta o necesario equilibrio e seguridade emocional para enfrontar os retos e as experiencias do día a día.
- O deseño de actividades motivadoras que respondan á diversidade do alumnado e que favorezan a superación de barreiras, de cara a lles facilitar a exploración da contorna.
- A proposta de situacións de aprendizaxe contextualizadas a partir das súas experiencias e coñecementos previos para garantir a significatividade, nas cales as nocións matemáticas, espaciais e temporais sexan as ferramentas de traballo no desenvolvemento dos procesos de razoamento lóxico e método científico.
- A curiosidade, a realización de actividades manipulativas e sensoriais, a resolución de retos e situacións problemáticas e a busca de solucións de maneira autónoma e imaxinativa, respectando os diferentes ritmos de

aprendizaxe do alumnado e favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo o traballo en equipo.

– A sensibilidade cara ao medio ambiente e a necesidade de actuar para preservalo fomentando o coidado e a mellora da contorna mediante a integración de hábitos de vida sans e sustentables.

– O achegamento á contorna próxima fomentando a súa exploración activa, o seu coñecemento, gozo e respecto, así como o descubrimento da contorna máis afastada a través das experiencias vividas e dos medios tecnolóxicos e analóxicos que susciten o interese do alumnado por coñecelas.

– O deseño e a organización de ambientes de aprendizaxe amables e agradables que propicien a comodidade e a seguridade das nenas e dos nenos e das persoas adultas, coidando de xeito especial o seu equilibrio estético, a súa versatilidade e a interacción e relacións coas persoas e cos obxectos.

Na etapa de educación primaria , a metodoloxía incidirá nos seguintes aspectos:

- Respectaremos os ritmos de aprendizaxe de cada alumno, buscando estratexias de actuación, que nalgúns casos conveñan a toda a clase e noutros se atenda á diversidade cos recursos dos que o centro dispón.
- Teremos en conta que o/a alumno/a é o/a protagonista da súa aprendizaxe, o que implica que es mesmo constrúa o seu propio coñecemento. O papel do/a profesor/a estará encamiñado a guiar a construción dos coñecementos que se pretende que adquira, así como axustar o nivel de axuda pedagóxica ás diferentes necesidades.
- O/A alumno/a é unha parte activa do proceso de ensino-aprendizaxe non un mero receptor de contidos ou información.
- Un dos principais obxectivos das materias de Lingua é acadar que os nosos alumnos/as lean non só con fluidez, senón tamén con expresividade, precisión e ritmo. A práctica diaria da lectura, non só nas materias de Lingua, levaranos a acadar estas metas. Xunto á lectura, nas sesións de Lingua, traballaremos tamén outros aspectos da linguaxe tales

como ortografía, vocabulario, gramática, escoita activa, expresión oral e escrita...

- No proceso de ensino-aprendizaxe das matemáticas, como elemento de comunicación e base indispensable de acceso ao currículo, é necesario asegurar a relación das aprendizaxes, partindo das experiencias que posúe o/a alumno/a, tendo en conta que a construción do coñecemento matemático obriga a una abstracción e formalización permanente. Por tanto, para facilitar a aprendizaxe das Matemáticas, partírase dos coñecementos previos que el alumnado posúe, dotándoo do léxico necesario para que poida facer uso das súas experiencias con dita área.
- As actividades estarán encamiñadas a que os/as alumnos/as constrúan conceptos matemáticos e adquiran as destrezas necesarias. Isto implica que a construción do coñecemento se faga mediante observación e manipulación de materiais, representacións gráficas e/ou simbólicas, intuicións, tenteos, solución de casos particulares,... Esta forma de adquirir o coñecemento é un poderoso instrumento de exploración e a base necesaria para o razoamento dedutivo posterior. Prestarase atención ao esforzo necesario para adquirir a automatización das operacións con números. Potenciarase o traballo con actividades que favorezan a comprensión das situacións que se propoñen de forma cotiá e son obxecto de análise matemático. Desta forma introduciremos, sempre motivando o seu interese, as unidades de medida, a representación gráfica dos datos mediante táboas e a representación espacial de figuras do noso entorno.
- A resolución de problemas formularase de maneira que se facilite a súa comprensión e se faga fácil a súa resolución. Como estratexia usarase a separación nos distintos ámbitos que encerran o plantexamento de problemas (lectura, exploración de datos, cuestións a que nos someten, busca do cálculo oportuno e solución).
- Sempre debemos de efectuar unha exploración inicial dos nosos/as alumnos/as que nos sitúen nun punto de partida, pero teremos en conta que, tal e como nos esixe a nosa sociedade, o/a neno/a debe de ter todos

os mecanismos e instrumentos matemáticos necesarios, para resolver situacións reais propias de súa idade ou madurez.

- O traballo básico da clase basearase na presentación e explicación dos novos contidos e na realización de actividades programadas co fin de conseguir a consolidación e afianzamento dos mesmos. Os contidos presentaranse de forma amena, buscando a conexión cos intereses e coñecementos estes posúen.
- No desenrolo do traballo terase en conta tanto aos alumnos/as con dificultades de aprendizaxe como aos/ás alumnos/as que pola súa capacidade superan con facilidade os novos obxectivos. Para eles programaranse actividades específicas de reforzo ou ampliación.
- Promoveranse actitudes positivas de confianza cara as matemáticas como un instrumento auxiliar noutras áreas, para interpretar as informacións expresadas na linguaxe matemática e facer valoracións críticas das mensaxes dos medios de comunicación. Terán prioridade nesta área os seguintes ámbitos: a resolución de problemas, numeración, operacións e cálculo mental.
- O traballo nas áreas de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais vámolos agrupar en tres ámbitos diferenciados de traballo. O primeiro ámbito de traballo está enfocado no uso das **técnicas de traballo intelectual** (técnicas de traballo e estudo). Estas áreas serviranos como eixe vertebrador para a aprendizaxe e o uso das técnicas de traballo (resumo, subliñado, esquema, mapas conceptuais, busca de información,...). O segundo ámbito de traballo será o **uso e a aprendizaxe das ferramentas TIC** (tecnoloxías da información e a comunicación). As TIC deben ser a ferramenta principal de busca de información e de elaboración de materiais neste área. As TIC non deben ser unicamente una ferramenta ou un recurso senón tamén un contido de aprendizaxe para lograr o pleno desenrolo da competencia dixital. Finalmente o último ámbito no que se centrará o traballo nestas áreas será a **asimilación de contidos propios deste área**. Haberá unha fase de *expresión*, que serve para expresar os coñecementos adquiridos sobre o contido traballado. Esta fase poderase

explicitar de forma oral, escrita, plástica, a través das ferramentas TIC, etc. Ademais, é moi importante, que nas materias de Ciencias, o alumnado poida vivir experiencias científicas reais, realizando experimentos e proxectos que lles axuden a entender os fenómenos científicos do día a día.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Os criterios de selección dos materiais curriculares seguirán un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionen resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico anteriormente proposto.

De tal modo, establécense os seguintes criterios ou directrices xerais:

- A posta á disposición do alumnado de materiais adaptados ás súas características, o máis diversos posible e con múltiples posibilidades en función das necesidades, organizados de maneira accesible co obxecto de favorecer a corresponsabilización no seu coidado e organización.
- Estará presente na aula unha oferta ampla de materiais de diferente tipo e coidaranse dun xeito especial os materiais continuos, os inespecíficos e os elementos do medio natural e sociocultural que favorezan a relación coa identidade e creen uns ambientes significativos, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos diferentes recursos.
- O coidado na selección e utilización dos materiais e dos espazos de cara a evitar desigualdades por razón de xénero e a transmisión de actitudes e comportamentos sexistas a través do currículo oculto.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

A oferta educativa do centro é a correspondente ás ensinanzas que imparte, 2º ciclo de educación infantil e educación primaria.

A oferta de lingua estranxeira é a de lingua inglesa, que se impartirá o alumnado de educación infantil (dúas sesións semanais) e de educación primaria (nas sesións semanais obrigadas).

O alumnado que non opte pola área de relixión impartiráselle a materia de Proxecto competencial . Para estas sesións aconséllase:

- Traballo en proxectos/servizo grupais, educación en valores e igualdade.
- A educación emocional (a través de historias, representacións, contos...), que favorezan a expresión das propias emocións, gustos, fobias, etc.

O centro impartirá , especificamente , o alumnado de 3º,4º,5º e 6º de Educación Primaria contidos relacionados coas novas tecnoloxías, programación e robótica educativa nunha sesión quincenal dentro do horario da área de matemáticas.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

A selección e organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado atenderán os seguintes criterios:

- Atenderán o recollido na PXA (proxectos de centro, conmemoracións e celebracións).
- Estarán relacionados cos contidos de cada área.
- Deben reforzar os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes.
- Todas e cada unha das actividades complementarias deben ser: integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades , a convivencia, a tolerancia, e o respecto.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso.

Toda a práctica educativa estará enfocada á atención da diversidade. A escola, como a sociedade, acolle diversidade de persoas con características e necesidades propias. Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoptando as seguintes medidas:

- Manter unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.
- Empregar distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión.
- Partir do nivel de cada alumno/a.
- Prestar atención individualizada sempre que sexa posible.
- Traballar as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.

As medidas con carácter curricular son o *reforzo educativo* e as *adaptacións curriculares* que se levan a cabo con algúns/algunhas estudantes. Estas medidas serán propostas polo Departamento de Orientación do centro en coordinación co equipo docente, co que establecerá as necesidades e pautas de intervención , e a dirección , co que se distribuirán os recursos persoais dispoñibles..

O **reforzamento educativo** realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio. Reciben este tipo de reforzo aqueles alumnos/as que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo, é dicir, a secuencia de contidos, as formas e instrumentos de avaliación, a organización da aula, os agrupamentos dos alumnos/as e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía, poden seguir o proceso ordinario de ensino/aprendizaxe, fundamentalmente nas áreas de alto contido instrumental, lingua castelá, lingua galega e matemáticas.

Por outra banda, a **adaptación curricular** (medida extraordinaria) refírese ás modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son obxectivos, contidos e criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal coma polas súas capacidades excepcionais. O referente de toda adaptación curricular son os obxectivos xerais da etapa, concretados no proxecto curricular do centro para cada curso. Os obxectivos poden pertencer, se é o caso, a outro curso ou etapa distinto do que cursa o alumno/a obxecto de adaptación curricular.

Os nenos/as con adaptacións curriculares reciben apoio por parte da mestra de pedagogía terapéutica/audición e linguaxe.

En todo caso intentarase:

- Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
- Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.
- Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

A atención aos nenos/as repetidores non debe desvirtuar o que debe ser a intención fundamental, que persegue a educación integral de todo alumnado. Tomaranse medidas adecuadas ás necesidades educativas do alumnado mediante respostas de tipo curricular, que se concretan na elaboración, desenvolvemento e avaliación das adaptacións curriculares con distintos graos de significatividade.

Por outra banda, respostas organizativas, que teñen que ver coa organización dos recursos humanos e materiais do centro para atender este alumnado e coa planificación das medidas educativas máis adecuadas para asegurar o seu adecuado progreso.

Tomaranse medidas de reforzo como os apoios nas áreas de lingua e matemáticas, e se fose necesario, as adaptacións do currículo. Ditas adaptacións realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias.

O Plan de Acción Titorial tenderá a favorecer o seguimento personalizado do proceso de aprendizaxe do alumnado e establecerá medidas que permitan manter unha comunicación fluída coas familias, tanto co fin de intercambiar informacións sobre aqueles aspectos que poidan resultar relevantes para mellorar o proceso de aprendizaxe dos alumnado, como para orientalos e promover a súa cooperación.

Así mesmo, asegurará a coherencia educativa no desenvolvemento das programacións mediante procedementos de coordinación do equipo educativo que permitan adoptar acordos sobre a avaliación e sobre as medidas que deben poñerse en marcha para responder ás necesidades detectadas.

Facilitarase a integración dos alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica da aula.

Potenciarase o esforzo individual e o traballo en equipo.

Efectuarase un seguimento global da aprendizaxe dos alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais e recorrer aos apoios ou actividades adecuadas.

Apoios dentro e fóra da aula.

Favoreceranse procesos de mellora educativa a través da coordinación co Departamento de orientación, realizando as adaptacións curriculares necesarias.

Estableceranse as canles de colaboración, apoio e asesoramento coas familias para o logro dun desenvolvemento integral dos seus fillos e fillas.

É moi importante o traballo que se pode realizar con eles dentro da aula, ademais do apoio individualizado por parte dun mestre/a de apoio especialista.

No referente ao traballo de apoio na aula, irá encamiñado sempre á consecución dos aprendizaxes definidos para todo o grupo e, coa colaboración do profesorado de apoio estableceranse Adaptacións Non Significativas que permitirán acceder aos alumnado ás aprendizaxes.

Reforzo fóra de aula, coas mestras especialistas de AL/ PT, coas que anticiparán ou reforzarán contidos impartidos no resto de horas.

Salientar tamén que un neno ou nena pode flexibilizar co adianto dun curso académico se é considerado un alumno/a con altas capacidades. Dito proceso contempla unha serie de pasos de actuación por parte do profesorado os cales contemplamos en todo momento por se temos dita casuística co noso alumnado.

Esta medida soamente se poderá levar a cabo unha vez en toda a etapa.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Para a avaliación tomamos como referente a ***Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema***

educativo de Galicia , o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto /2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Avaliación

En educación infantil a avaliación será global, continua e formativa e estará orientada a identificar as condicións iniciais individuais e o ritmo e as características da evolución de cada nena ou neno. A valoración do proceso de aprendizaxe farase de xeito cualitativo tendo en conta os progresos efectuados polas nenas e polos nenos, tomándose como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada ciclo en cada unha das áreas.

Na educación primaria a avaliación será global, continua e formativa , e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. Cando este progreso non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo desde o momento da súa detección, consensuadas co Departamento de Orientación . Utilizaranse instrumentos de avaliación variados,diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan unha valoración obxectiva.

A valoración do proceso de aprendizaxe terá un carácter formativo ,valorando os progresos efectuados polo alumnado, tomándose como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada ciclo en cada unha das áreas, o proceso de ensino e a práctica docente.

A avaliación será adaptada as circunstancias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo; esta adaptación en ningún caso se terá en conta para aminorar a cualificación obtida polo alumnado.

No caso do alumnado con adaptación curricular serán os referentes de avaliación serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

Promoción.

Ao finalizar os cursos de 2º, 4º e 6º da etapa, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. Esta decisión será tomada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción así como o criterio do/a titor/a.

A permanencia no mesmo curso é unha medida de carácter excepcional, e esta decisión soamente poderá adoptarse unha vez en toda a etapa. Neste caso o equipo docente elaborará un **plan específico de reforzo** para que durante este curso o/a alumno/a poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Para a elaboración deste plan seguirase o establecido no *artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021*.

Cabe destacar que ao finalizar os cursos de **segundo, cuarto e sexto** da etapa o/a titor/a emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias clave de cada alumno/a, indicando as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo ou etapa seguinte.

Ao finalizar a etapa cada alumno/a disporá dun informe elaborado polo seu titor/a sobre a súa evolución e grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

A promoción en 1º, 3º e 5º será de xeito automático.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha materia suspensa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Na sesión de avaliación final do grupo de 6º de educación primaria, os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente.

A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación final.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias

Cada docente elaborará a principio de curso, respectando os prazos establecidos, as programacións didácticas das áreas que imparte. A súa elaboración seguirá a lexislación vixente, o recollido no documento de concreción curricular e as instrucións de Inspección educativa.

Os mestres e mestras do centro seguimos unha serie de pautas á hora de elaborar as programacións de aula de cada curso, mantendo un esquema de referencia que nos permita levar a cabo un traballo común e consensuado en tódalas etapas educativas.

As programacións didácticas das áreas do segundo ciclo das ensinanzas de educación infantil incluírán os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos da área e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.
- d) Metodoloxía.
 - Concrecións metodolóxicas.
 - Materiais e recursos didácticos.
- e) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.
- Criterios de valoración do desenvolvemento e das aprendizaxes do alumnado.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.
- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

As programacións didácticas das áreas das ensinanzas de educación primaria incluírán os seguintes elementos:

a) Introducción.

b) Obxectivos da área e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.

d) Metodoloxía.

- Concrecións metodolóxicas.
- Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.
- Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área, e criterios de recuperación.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.
- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

De conformidade co establecido no artigo 4.2.e) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e no artigo 12.4 do Real decreto 95/2022, do 1 de febreiro, e de acordo coas previsións da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, as nais, os pais ou as persoas titoras legais deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelén, así como coñecer as decisións relativas á avaliación, e colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo, sen prexuízo do respecto ás garantías establecidas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal.

Promoverase, ademais, compromisos coas familias e cos propios alumnos e alumnas nos que se especifiquen as actividades que uns e outros se comprometen a desenvolver para facilitar o progreso educativo.

Haberá unha xuntanza inicial con todas as familias previamente o inicio do curso, onde se incorporarán os elementos esenciais e características, cuestións, obxectivos, normas e ritmos de traballo do curso. Cada trimestre entregaráselle o boletín informativo ás familias, como información do proceso do seu fillo ou filla.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os centros docentes dentro do marco establecido polas administracións educativas, desenvolven a súa autonomía pedagóxica e organizativa levando a cabo entre outras prácticas, Plans e Proxectos reflectidos no seu Proxecto

educativo, así como outros programas nos cales participa o centro de xeito anual, os cales son ofertados pola Consellería de Educación e outras entidades.

Os criterios que nos levan a participar nos diferentes Proxectos, Plans e Programas son aqueles que :

- Nos axudan a conseguir unha escola plural e igualitaria na que os conflitos se resolvan por medio do diálogo, se permita a inclusión e participación de todos os membros da comunidade educativa.
- Permiten a colaboración de xeito interdisciplinar mediante tarefas e proxectos de todas as áreas e niveis.
- Fomenten a introdución das novas tecnoloxías aplicadas ás tarefas educativas.
- Aqueles que levan a cabo una acción orientadora no proceso educativo tanto individual como colectivo do alumnado.

Actualmente o centro está a desenvolver os seguintes plans e proxectos:

- PLAN DE CONVIVENCIA.
- PROYECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO
- PROYECTO LECTOR
- PLAMBE
- PLAN DIXITAL
- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL
- CONTRATOS-PROGRAMA INCLÚE (IGUALA-T, CONVIVE-T, INCLÚE-T, EMOCIONA-T)

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase periodicamente de xeito anual, mantendo así dito documento actualizado fronte ás modificacións legislativas.

Esta avaliación da concreción, ten como finalidade adaptarse ás necesidades e características tanto do centro educativo como do profesorado e alumnado.

o) Outros apartados

Dentro do marco establecido polas administracións educativas , o claustro do centro , valorará a necesidade de incorporar novos apartados á concreción curricular do centro.